

PINTURAS NEGRAS

Acacia Ojea - Alejandra Pardo - Araceli Liste - Erik Balbuena - Fernando Casás - Fruela Alonso - Juan Loeck - Juan Rivas - Julia Huete - Lúa Gándara - Miguel Teixeira - Mónica Cabo - Sol Mussa

Comisariado: Ignacio Pérez-Jofre e Sandra MG

DO 21 DE FEBREIRO AO 6 DE ABRIL DE 2025
EDIFICIO CASTELAO. MUSEO DE PONTEVEDRA

 Deputación
Pontevedra

 MUSEO
PONTEVEDRA

Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo

museo.depo.gal

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

Pinturas negras mostra obras de diversas disciplinas nas que a cor negra é protagonista. Tomando como referencia a serie de Goya, preténdese aludir ás diversas posibilidades formais e simbólicas do negro, entendido como negación da cor, como orixe ou final da pintura, como escuridade, como materia opaca, como noite, como raza, como cegueira, como abismo, como espazo infinito, como morte. Tamén se intenta sinalar o vínculo destes traballos coa escuridade de certa pintura española; non no sentido de que repliquen esquemas formais ou técnicas tradicionais, senón da súa capacidade para conectar ou dialogar cunha cultura do dramático e do expresivo: a escuridade de Ribera, Goya, Lucas Velázquez, Solana, María Blanchard, Ángeles Santos, Maruja Mallo; de Manolo Millares, Antonio Saura, Amalia Avia, Lucio Muñoz, Laxeiro; de Nati Bermejo, Enrique Marty, Marina Núñez, Abigail Lazkoz.

Igual que na contemporaneidade os límites entre xéneros artísticos disólvense, estas *pinturas negras*, feitas con medios diferentes, fúndense no espazo expositivo.

Esta exposición continúa a serie iniciada con *De mestras e mestrados*, que proseguiu con *Campo de sementes I e II*, para amosar o traballo de artistas vinculadas e vinculados á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, tanto por ser docentes coma por graduarse neste centro. Tamén o equipo comisarial mantén estes lazos: Sandra MG é graduada e na actualidade

Pinturas negras

Do 21 de febreiro
de 2025 ao 6 de
abril de 2025

Comisariado:
Ignacio Pérez Jofre
e Sandra MG

Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

Exposición en
colaboración coa
Facultade de Belas
Artes da Universidade
de Vigo

está preparando a súa tese de doutoramento nesta facultade, onde Ignacio Pérez-Jofre é, desde hai trinta anos, profesor.

Esta edición aposta polas novas xeracións e inclúe o traballo dun número significativamente maior de artistas graduadas.

AS E OS ARTISTAS

Artista, programadora e investigadora de prácticas sonoras, obtén a súa formación no Grao de Belas Artes da Facultade de Pontevedra. É coñecida como Akazie na súa faceta de dj e selectora musical. Tan desafiante como accesible, aposta por unha concepción experimental da electrónica de baile salientando en ritmos e texturas sonoras de alta complexidade.

Grazas ao seu enfoque da música e o seu amplo abanico como selectora, ademais de asinar mixes para numerosas radios internacionais, foi convidada a tocar nos festivais de música electrónica estatais máis pioneiros, que a consideraron unha das selectoras máis orixinais do panorama nacional.

Realizando a peza sonora *Fondo* (2025) para esta ocasión, crea unha atmosfera densa de graves e texturas envolvendo o resto de *Pinturas negras* nun bosque abstracto de profundidade.

*

A súa obra está centrada na pintura e o debuxo. O tema principal das súas creacións son as escenas de paisaxe nocturna, urbana ou natural, cargadas de distintas connotacións: de xénero, como protesta sobre o control a través do deseño do espazo, de preservación da natureza, autobiográficas ou simplemente estéticas.

Nas pezas que presentamos, o negro está usado para crear un espazo de ameaza, unha noite á que a muller se enfronta con inquietude, cargando tamén cos consellos e advertencias dunha sociedade na que coexisten o paternalismo, a hiperprotección e os malos tratos.

*

Acacia Ojea

Vigo, 1994

Alejandra Pardo

Santiago de Compostela,
1997

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Valencia (1984) e doutora pola Universidade de Salamanca (1990). Desde 1992 é profesora Titular na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Sobre a obra: “debuxo, esquézome do que me rodea, esquézome do espazo, do horizonte limpo e nítido. Debuxo, espero que o debuxo me obrigue a atopar o sentido da imaxe.”

*

Artista e doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo, realiza un traballo que explora problemáticas vinculadas ao urbano, o territorio e as relacións entre o público e o privado. A pintura constitúe o medio principal a través do cal desenvolve estes temas, onde a abstracción xestual e o xogo entre as linguaxes pictóricas tradicionais e contemporáneas están moi presentes.

Participou en diferentes exposicións, festivais de arte urbana e conferencias, destacando a súa contribución ao I Congreso Internacional de Creatividade (Campus Crea, Universidade de Vigo, 2024), onde obtivo o premio á mellor contribución en Arte e Creatividade, e a súa participación en Urban Creativity (Lisboa, 2024). O seu traballo mostrouse en diversas exposicións, destacando *Cultivando incertezas* (CGAC, Santiago de Compostela, 2021), a *XX Bienal de Vilanova de Cerveira* (Portugal, 2018) e *The world is tough and sad, Het Wilde Weten*, (Róterdam, Holanda, 2017)

Na serie *Trazos* realiza unha redución á xestualidade máis elemental, estas pinturas operan como imaxes que reproducen un xesto, converténdose así nunha hibridación entre pintura abstracta e figurativa, xa que o trazo está baseado na copia dun orixinal; non estamos a ver un xesto xenuíno e irrepitible senón unha reprodución ampliada. Ademais, este trazo negro en zigzag garda unha estreita relación cos borranchos e o acto de borrar na pintura, evocando ideas de negación ou destrución da imaxe. E que con todo, paradoxalmente, aquí termina converténdose no elemento creador e compositivo esencial.

*

Artista experimental que vive entre España e Brasil, Fernando Casás desenvolveu desde finais dos anos sesenta unha obra innovadora, sempre vinculada á memoria, á enerxía e ao paso do tempo, elaborando un proxecto persoal considerado pola crítica como precursor dos movementos de Arte & Natureza.

Araceli Liste

Pontevedra, 1961

Erik Balbuena

Vigo, 1988

Fernando Casás

Gondomar, 1946

A súa obra constitúe un corpus complexo e de difícil contextualización, xa que abandonou as regras tradicionais da arte e non se deixa limitar por xéneros, materiais ou polas imposicións do gusto contemporáneo.

Sobre *Ashé II*, a instalación exposta nesta exposición, e pertencente á colección do CGAC, explica: “no idioma ioruba, usado pola maioría de escravos africanos en Brasil, Ashé significa forza vital. No ano das conmemoracións da chegada de Colón a América, esa obra tenta ser unha reflexión sobre a destrución desa forza vital”.

*

Licenciado e actualmente profesor na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, o seu traballo parte dunha aproximación pictórica á imaxe fotográfica, especialmente de cidades e espazos naturais.

O tratamento material da pintura é indicio dunha contemplación e unha análise obsesiva da imaxe da que parte; pero a súa aproximación non pretende ser unha reprodución mecánica da fotografía, senón máis ben un intento de achegamento a unha realidade complexa, escura e, en última instancia, incomprendible. Na construción da obra, o inacabado, o borroso, o azaroso, teñen tanto peso (ou máis) que o descritivo, o definido e o intencional.

*

Profesor na Facultade de Belas Artes de Pontevedra desde 1993, a súa carreira como artista abarca catro décadas de traballo, nas que mantivo un interese constante sobre os procesos de transformación e reprodución de motivos que funcionan como emblemas culturais e autobiográficos.

O uso do alcatrán recolleito nas praias de Galicia para facer baleirados de pezas escultóricas dá conta do seu interese pola linguaxe dos materiais. O negro do chapapote asóciase, nestas pezas, coa contaminación e a degradación ambiental.

*

Licenciado en Belas Artes en Pontevedra, o seu traballo é froito dunha dedicación continuada á pintura desde hai máis de dúas décadas. O seu interese polo territorio e a maneira de habitalo levoulle a desenvolver un extenso traballo ao redor da arquitectura popular en Galicia.

Fruela Alonso

Lloro, Asturias, 1974

Juan Loeck

Santander, 1959

Juan Rivas

Pontevedra, 1974

A fascinación pola noite como espazo de indefinición, de imaxinación e de absorción contemplativa levoulle a realizar nos últimos tempos series de vistas nocturnas como *Luz que nunca se apaga*, ou esta que presentamos de ríos fluíndo na escuridade.

*

Artista plástica graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo onde tamén fai o máster e participa en programas de intercambio coa FBAUP (O Porto) e a UDG (Guadalaxara, México). A súa obra foi premiada en concursos como o Premio para Artistas Novos do Auditorio de Galicia ou o Concurso de Pintura da Universidade de Vigo.

Está representada por Galería Nordés (A Coruña) onde realizou dúas exposicións individuais. Tamén participou en feiras como ARCO ou Artissima e expuxo de maneira colectiva en galerías como Espazo Valverde (2019) e Maisterra Valbuena (2021). A súa obra atópase en coleccións como DKV, CGAC, CA2M, Colección María Cristina Masaveu Peterson ou MICA. Ademais, no 2021 foi premiada no concurso de Cervezas Alhambra en ARCO. Despois de ser residente na Academia de España en Roma (2018-2019), viviu e desenvolveu o seu traballo entre Italia e España.

A peza téxtil colgante exposta en *Pinturas negras*, forma parte da serie *Sequitur*, traballo desenvolvido nos últimos anos pola artista e que trata como tema central a cuestión dos materiais na produción artística, contraponendo materiais artesanais — como, neste caso, a la traballada a man— con outros de produción industrial: “A elección destes materiais non é casual, senón que xorde dun proceso de experimentación plástica e da observación e manipulación de formas relacionadas co vestir. O proxecto procede de explorar as dualidades presentes na relación imaxe-objeto, así como o contraste entre materiais tradicionais e acabados industriais”.

*

“Cando pinto constrúo equilibrios co espazo, o trazo e a cor. Trátase de onde están as cousas e dos límites. Non o penso antes, vou resolvendo e deixando que a imaxe me leve. Todas se relacionan entre si e falan de maneira musical como nun xogo moi serio, pero non hai palabras no medio, só ao final porque sempre chas piden e a min encántame falar. Pinto unha pelexa a cámara lenta, un baile de verbena, unha receita inventada. Pásoo moi ben, aínda que ás veces tamén me enfado. Sei que é verdade porque ocorre, téñoο diante”.

Julia Huete

Ourense, 1990

Lúa Gándara

Vigo, 1988

A cor. O trazo. A manchas. O humor. As palabras. Unha poesía subxacente. Todo isto está presente na obra de Lúa Gándara, graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Tamén a cor negra, que usa como negación, como unha forma de cancelar, de tapar parcialmente as outras cores, facéndoas así aínda máis vivas.

*

Desde os últimos anos dos seus estudos de Grao na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, o seu traballo céntrase no debuxo, empregando técnicas diversas (tinta, carbón, grafito, colaxe) para configurar un espazo entre o onírico, o narrativo e o simbólico.

A escuridade, a tensión entre construción e caos, a densidade de referencias e alusións a miúdo crípticas, contribúen a crear climas cargados, asfixiantes, que debuxan unha particular percepción (talvez premonitoria) do mundo actual.

*

Con estudos de Artes aplicadas á Escultura na Escola de Arte de Oviedo (2001) e licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (2006), Mónica Cabo foi construíndo unha obra persoal que se nutre da revisión dos hábitos, as identidades e a mirada cara ao cotián para alumar novos modelos de lectura.

No ano 2012 recibe o Premio Arte Nova do Principado de Asturias e foi seleccionada en diferentes bolsas de Artes plásticas como a bolsa concedida pola Xunta de Galicia “San Martiño Pinario” para a produción de obra (2005) ou a bolsa “Taller de creación Fabra i Coats” de Sant Andreu Contemporani en Barcelona (2013). Realizou exposicións individuais en institucións e galerías como *There will be a sexa battle tomorrow* no espazo Anexo do Museo Marco de Vigo (2016) ou *Safe Word* na galería DF en Santiago de Compostela (2007). Ademais, participou en exposicións colectivas como *Cultivar incertezas. Reformular o espazo/conmociónar a mirada* (comisariada por Ángel Cerviño no CGAC de Santiago, 2021); *Alén dous xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia* (comisariada por Anxela Caramés no Marco de Vigo e o Auditorio de Galicia de Santiago, 2017); *Geneaoloxías feministas en el arte español* (comisariada por Juan Vicente Aliaga no MUSAC de León, 2012-2013); *Situación* (comisariada por Manuel Segade no CGAC de Santiago, 2008) ou *MICA ASSAIG II* (Museo Miquel Casablanques de Barcelona, 2006).

*

Miguel Teixeira

Pontevedra, 1998

Mónica Cabo

Oviedo, 1978

Graduada en Belas Artes en Pontevedra e cun máster na St Martin's School of Art de Londres, no seu traballo pon en práctica a manipulación e transformación do sentido de elementos preexistentes, poñendo especial énfase en cuestións que afectan persoal e xeracionalmente, como o xénero, a raza, a exclusión social ou a precariedade laboral.

Na serie á que pertence a obra incluída neste proxecto, a artista pon en cuestión a exotización da figura da muller negra realizada a través da pornografía.

*

Sol Mussa

Vigo, 1996